

# SEN AMOR

[Andrey Zvyagintsev, 2017]

# 336

ESTREA EN NUMAX: 26.01.2018 | V.O.S.E. | +12

*Nelyubov* (2017, 128')

**Dirección:** Andrey Zvyagintsev

**Guión:** Andrey Zvyagintsev, Oleg Negin

**Elenco:** Maryana Spivak, Aleksey Rozin, Matvey Novikov, Marina Vasilyeva, Andris Keishs, Alexey Fateev

**Son:** Andrey Dergachev

**Montaxe:** Anna Mass

**Vestiario:** Paule Mangelot

**Música:** Evgueni Galperine

**Fotografía:** Mikhail Krichman

**Produtoras:** Non-Stop Production, Fetisoff Illusion (Rusia), Why Not Productions, Les Films du Fleuve Arte, France Cinéma (Francia), Senator Film Produktion (Alemaña)

**Distribuidora:** Golem Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Ruso

## FILMOGRAFÍA

*Leviatán*, 2014

*Tayna*, 2011 [curtametraxe]

*Elena*, 2011

*Apocrypha*, 2009 [curtametraxe]

*Izgnanie*, 2007

*El regreso*, 2003

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Premio do Xurado), Oscar 2017 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa), Globos de Ouro 2018 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa), BAFTA 2018 (Nomeado a mellor filme estranxeiro), Premios do Cinema Europeo 2017 (Mellor banda sonora e fotografía), Camerimage 2017 (Mellor fotografía), London Film Festival 2017 (Mellor filme), Zagreb 2017 (Mellor filme)

## SINOPSE

O matrimonio formado por Zhenya e Boris está decidido a divorciarse. O seu fillo Aloshya vive esta situación fronte á pantalla do ordenador escondendo as bágoas. Durante unha última pelexa, o neno desaparece. Unidos polo que máis lles importa, terán que loitar por encontralo nunha busca que supón un punto de inflexión.

«Un thriller inquietante de intensidade hipnótica e misteriosa. Zvyagintsev creou unha nova obra maestra»

Peter Bradshaw, The Guardian



## “Son honesto nos meus filmes, e estes son honestos coa realidade”

**Entrevista con Andrey Zvyagintsev (director) e Alexander Rodnyansky (produtor)**

Por Nancy Tartaglione

### Por que necesitaches contar a

**historia de *Sen amor* agora?** ANDREY ZVYAGINTSEV (AZ): *Sen amor* conta a historia dun divorcio doloroso dunha familia de clase media en Moscú. A súa normalidade foi en parte a razón pola que a escollín a ela, e non a unha familia de clase social baixa, á que xa se lle presupón que vai tratar fatal os fillos. De súpeto o neno pasa a ser unha carga para estas dúas persoas ás que aparentemente lles ía ben e sabían moverse pola vida. Estes acontecementos teñen lugar nun momento moi concreto da nosa historia. O filme comeza en outubro de 2012, cando a xente estaba chea de esperanza, agardaba cambios políticos e pensaba que o estado ía escoitala. Pero no 2015 o desencanto foi máximo: predominaba o sentimento de que non había un horizonte de esperanza para cambios positivos, e o clima era de violencia e de militarización da sociedade, e había a sensación de que estabamos rodeados de inimigos.

**Como traballas cos actores?** AZ: Cando empezas a traballar no guión cun actor, a idea do personaxe que tes na cabeza

acaba sendo substituída pola imaxe dese actor en particular. E iso está ben. Un actor ten que ser absolutamente honesto -isto é o único que lle pido, ademais do talento, claro-. É moi doado de entender: precisas crer absolutamente no que ves. Algúns actores veñen ao casting e preguntanme se vin os seus traballos anteriores. Pero eu non traballo así, a min os anteriores traballos non me importan. Preciso o “agora” do actor, encarnado no personaxe particular do guión. O que importa é a flexibilidade, a credibilidade e a eficiencia dun actor. Só unha vez en toda a miña carreira como director souben quen sería o actor mentres escribía o guión: Roman Madyanov como alcalde en *Leviatán*. Aínda así, fixemos un casting para este papel.

### Que ten en común o voso traballo

**conxunto?** AZ: O sei é que son honesto nos meus filmes, e que estes son honestos coa realidade. Cada historia dita a forma na que quere ser contada. En *El regreso* tiñamos o cometido de difuminar os límites espazo temporais, creando un lugar etéreo onde os acontecementos do filme tivesen lugar. Non importaba onde ou cando tivera lugar a historia porque é eterna. Foi moi diferente con *Elena*, onde a historia é moi contemporánea, cun lugar e nun tempo específico. E o mesmo en *Leviatán*. Non é unha cuestión de estratexia. Tes unha idea e iso define o camiño do filme. Dalgún xeito os meus primeiros tres filmes son metáforas, cando menos para min, e tentan chegar a entender a realidade do universo. Do universo, non da realidade política ou da sociedade.

### Como é traballar en Rusia hoxe?

AZ: A nivel artístico, non político, non houbo cambios significativos nos últimos anos. Rusia é un país grande, con moita xente e historias, e contámolas tal e como as vemos. O único que cambiou en *Sen amor* foi que non tivemos ningunha axuda do estado. A nosa experiencia con *Leviatán* fora dificultosa de máis. Tomamos a decisión de non pedir ningunha axuda ao estado desta vez. E logo fixen coma sempre. Traballando sen mirar atrás e sen autocensura.

### Sorprende que *Leviatán* fora o filme que Rusia presentara aos Oscar malia a súa crítica ao estado, e agora volve a pasar con *Sen amor*. Como se explica isto?

ALEXANDER RODNYANSKY: O Comité Ruso dos Oscar que escolle o filme que representa o país está formado por profesionais do cinema que, aínda tendo ideoloxías diferentes, recoñecen a Zvyagintsev como un dos mellores directores rusos contemporáneos. Con *Leviatán* a cousa foi máis complicada, mais asegúreme o apoio dun longo grupo de cineastas que nos axudaron a enganar o sistema. Houbo unha campaña contra *Sen amor* este ano. Os opositores tentaban dividir os votantes, pero tras o premio en Cannes, o éxito mediático en Inglaterra e Estados Unidos e os países de Toronto e Telluride, *Sen amor* era de lonxe o candidato máis potente.

Publicado en deadline.com  
Tradución: Olalla Cociña

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**